



## Concello de Vigo

### D<sup>a</sup>. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 12 de novembro de 2020**, adoptou o seguinte acordo:

#### **5.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE “SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO”. EXPTE. 17466/77.**

Visto o informe de fiscalización do 6/11/2020, dáse conta do informe-proposta do 09/11/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **Antecedentes:**

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 27 de agosto de 2020 aprobouse a “Convocatoria e as bases reguladoras das **“SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO”**”.

Con data 10 de setembro de 2020, a Xunta de Goberno Local aprobou a corrección do erro material o erro material advertido no apartado Quinto da Convocatoria das Subvencións para o fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego aprobadas pola Xunta de Goberno Local en data 27 de agosto de 2020, para axustar o seu contido ao disposto na Base 4<sup>a</sup> reguladora da contía total e crédito orzamentario das subvencións, mantendo inalterados os demais apartados

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 184, do 23 de setembro de 2020 e o extracto da convocatoria remitido pola BDNS foi publicado no BOP no seu número 188 de data 29/09/2020 así como na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á publicación do extracto no BOP (dende o 30/09/2020 ao 14/10/2020, ámbolos dous inclusive), da que resultou a presentación de dúas (2) solicitudes:

Nº expdte.	Entidade	NIF	Data rexistro solicitude
17679/77	<b>A.E. UVIGO MOTORSPORT</b>	G27809425	10/09/20
17706/77	<b>ASOC. DE INDUSTRIAIS METALÚRGICOS DE GALICIA</b>	G36614774	10/14/20



As bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do emprego mediante proxectos relacionados coa investigación, a innovación e o emprego, establecen un financiamento por unha contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario (2020) de 40.000,00 € (corenta mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800008 “Axudas desenvolvemento de proxectos invest. relacionados coa innovación”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo. Subvencionarase, no caso de que as entidades sen ánimo de lucro solicitantes que cumpran con todos os requisitos esixidos nas bases, os gastos de funcionamento e difusión necesarios para o desenvolvemento das actividades programadas e que teñan acomodo no obxecto desta convocatoria (custes salariais derivados do persoal contratado e/ou da entidade con cargo á subvención, gastos financeiros e de xestión relacionados coa posta en marcha do proxecto presentado, gastos de difusión, publicidade e de asistencia a eventos, gastos de aluguer de locais e maquinaria...), cun máximo de 15.000,00€.

O concelleiro delegado de Cultura e Emprego, con data **16/10/2020**, resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside de acordo coa base décimo segunda, apartado 4, cos seguintes membros:

Vogal 1	Carla Candia Paz	Xefa do servizo (Resolución de 23/10/2019)
Vogal 2	Rosa María Otero Malvárez	Técnica de xestión

A Comisión de Valoración con data 19/10/2020, conforme á información que consta no seu poder, realizou a avaliación das solicitudes presentadas co resultado exposto na acta da mesma data, en base á cal, se emitiu o informe proposta de concesión das axudas na mesma data.

Con data 2/11/2020 o servizo de Intervención non fiscaliza o informe de conformidade, xa que, a entidade Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia, G36614774 *“supera a porcentaxe do 50% de subcontratación da actividade subvencionada prevista no artigo 29 da Lei xeral de Subvencións para os supostos de ningunha previsión das bases”*.

Á vista do devandito informe de fiscalización de data 2/11/2020, a Comisión de valoración procede novamente á avaliación das solicitudes de subvención co resultado exposto na acta cuxo tenor literal se transcribe:

“...

Conforme á documentación existente no servizo, á vista do informe de fiscalización, procédese a revisar os expedientes, coas seguintes conclusións:

#### 1.- Preavaliación das solicitudes e Desestimación.

Unha vez revisadas as solicitudes de subvención, co obxecto de verificar o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias, segundo o indicado na Base 11ª, decídese ESTIMAR a solicitude pola entidade Asociación Estudiantil Uvigo Motorsport (G27809425), xa que, conforme á documentación existente no servizo, se desprende que cumpren cos requisitos establecidos aos solicitantes nas bases da convocatoria para resultar beneficiarios da subvención. e DESESTIMAR a solicitude da Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia (G36614774), por ter superado a porcentaxe do 50 % de subcontratación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:56	Páxina 2 de 7
SUBVENCIONS	CSV: A5AB46-57DD5E-8C8HD8-3LHH9D-PS76KQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

da actividade subvencionada prevista no artigo 29.2 da Lei xeral de Subvencións para os supostos nos que as bases da convocatoria de subvencións non establezan ningunha previsión ao respecto.

### 2.- Avaliación das solicitudes.

As puntuacións máximas que se estableceron nesta comisión para a avaliación da solicitude presentada e admitida, conforme ao disposto na Base Décimo Primeira, apartado 1.a)., son as que a continuación se indican:

#### 1. Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto (ata 20 puntos):

a-1: Corresponde ao apartado 1.a) Que sexan capaces de xerar grupos de innovación na actividade económica de Vigo e o seu entorno, ou programas estables de innovación e investigación fronte a accións puntuais. A máxima puntuación que se poderá obter é de 10 puntos.

a-2: Corresponde ao apartado 1.a) Que baseen na análise das necesidades existentes no entorno económico laboral e, que teñan viabilidade técnica. A máxima puntuación que se poderá obter é de 6 puntos.

a-3: Corresponde ao apartado 1.a) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede. A máxima puntuación que se poderá obter é de 4 puntos.

A puntuación do apartado “áreas económicas relacionadas co proxecto” é a que se establece na mesma Base Décimo Primeira no seu apartado 2º, isto é:

#### 2. Áreas económicas relacionadas co proxecto:

a) Tecnoloxías de comunicación	5 puntos
b) Automoción	5 puntos
c) Industria naval	5 puntos
d) Biotecnoloxía	4 puntos
e) Enerxías renovables	4 puntos
f) Outras áreas e/ou sectores	2 puntos
g) Uso da lingua galega no proxecto/s	5 puntos

E a puntuación obtida pola entidade admitida no proceso de baremación nesta convocatoria de subvencións é:

CIF	ENTIDADE	BAREMO PUNTUACIÓNS BASE 11ª SUBVENCIONS PROX. INNOVACIÓN, INVESTIGACIÓN E EMPREGO					
		1.- Calidade/viabilidade técnica (máx. 20)			2. Área económica	3. Uso da lingua galega no proxecto	Puntuación Total
		a-1	a-2	a-3			
G27809425	A.E. UVIGO MOTORSPORTE	9	4	3	5	0	21



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:56	Páxina 3 de 7
SUBVENCIONS	CSV: A5AB46-57DD5E-8C8HD8-3LHH9D-PS76KQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**3.- A distribución económica unha vez avaliadas as solicitudes das entidades.**

A distribución económica unha vez avaliada a solicitude da entidade resulta:

CIF	ENTIDADE	Cantidade Solicitada	Puntos	Cantidade asignada 1º reparto	Cantidade Resolución
G27809425	A.E. UVIGO MOTORSPORT	15.000,00	21	40.000,00	<b>15.000,00</b>
<i>Totais</i>		15.000,00	21,00	40.000,00	15.000,00

Valor punto:	1.904,76 €
--------------	------------

Da contía total destinada a estas subvencións (40.000,00 €), ao terse admitido unha única solicitudes de subvención, formulada por Asociación Estudiantil Uvigo Motorsport (G27809425), obtén, segundo a Base Cuarta b), o importe máximo subvencionable, sen exceder do importe solicitado para o cal se minora a cantidade do primeiro reparto, asignada en función da puntuación obtida no proceso de baremación.

**Unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, conforme ao establecido na Base 12.6 da convocatoria, a Comisión de Valoración fai constar que, da información que obra no seu poder, despréndese que a entidade beneficiaria cumpre os requisitos necesarios para acceder ás subvencións..**

...”

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos do establecido na DÉCIMO SEGUNDA das bases reguladoras do procedemento:

5- As solicitudes avaliaranse con arranxo á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

6- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluirá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **catro meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:56	Páxina 4 de 7
SUBVENCIONS	CSV: A5AB46-57DD5E-8C8HD8-3LHH9D-PS76KQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

8- A resolución do procedemento notificarase electrónicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

9- **Dende o día seguinte á notificación da resolución**, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a **aceptación ou renuncia** da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

11- O vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

12- Contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

13.- A beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos no vindeiro exercicio presupostario.

Así mesmo, cómpre rectificar o prazo máximo de xustificación de subvencións establecido na **DÉCIMO TERCEIRA das bases reguladoras do procedemento**, por ser un prazo non iniciado en tanto non se produce o outorgamento das axudas obxecto da presente proposta e aos efectos de que non deveña de imposible cumprimento polos beneficiarios, establecendo o vindeiro **23 de**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:56	Páxina 5 de 7
SUBVENCIONS	CSV: A5AB46-57DD5E-8C8HD8-3LHH9D-PS76KQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**novembro de 2020** como data límite para a presentación da documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A presente proposta remitirase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

A teor do previsto nas bases reguladoras da subvención, do artigo 23 da Lei de Subvencións de Galicia e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 18/06/2019 e posterior 17/08/2020, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

### PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO: CONCEDER**, de conformidade co art. 23.3 da LSG, á entidade que, de seguido, se relaciona, con cargo á partida presupostaria 2410 4800008 “Axudas desenvolvemento de proxectos invest. relacionados coa innovación” do vixente exercicio presupostario, pola contía total que se reflicte a seguir:

Nº expte.	Entidade	NIF	Importe Subvención Concedida
17679/77	<b>A.E. UVIGO MOTORSPORT</b>	G27809425	15.000,00€

**SEGUNDO: DESESTIMAR** a solicitude presentada pola Asociación de Industriais Metalúrgicos de Galicia (G36614774), a través do documento núm. 200187215 de data 14/10/2020, de conformidade co establecido na Base 11.2 da convocatoria en relación co artigo 29.2 da LXS, en virtude do cal, e en defecto de previsión expresa nas bases da convocatoria, o beneficiario poderá subcontratar a actividade ata unha porcentaxe que non supere o 50 % do importe da actividade subvencionada.

**TERCEIRO: PUBLICAR** na Base de Datos Nacional de Subvencións todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado.

**CUARTO: RECTIFICAR** o prazo máximo de xustificación de subvencións establecido na **DÉCIMO TERCEIRA das bases reguladoras do procedemento**, a fin de que o outorgamento das axudas obxecto da presente acordo non devese de imposible cumprimento, establecendo o vindeiro **23 de novembro de 2020** como data límite para a presentación da documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

**QUINTO: NOTIFICAR** o presente acordo nos termos establecidos nos art. 24 da LSG, art. 40 e 41 da LPAC e Base reguladora 12ª.8, con indicación expresa de que dende o día seguinte á notificación da resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de dez (10) días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito ao Servizo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:56	Páxina 6 de 7
SUBVENCIONS	CSV: A5AB46-57DD5E-8C8HD8-3LHH9D-PS76KQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## Concello de Vigo

de Desenvolvemento Local, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tácitamente aceptada.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 09:56	Páxina 7 de 7
SUBVENCIONS	CSV: A5AB46-57DD5E-8C8HD8-3LHH9D-PS76KQ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		